


Nova GALICIA

Florencio Manoel Delgado Gurriarán




O VIAXEIRO

Novo Odiseo, a vida paso en xeira
por mel pra cinco bocas de papoula.
Miña dona, Penélope crioula,
fica a tecer, de cote, a súa angueira.

E vou sen inquedanza viaxeira,
pois xa teño nas sens lixos de foula,
co anxeio de voltar, criancil troula
é, pra min, ataxenta ventureira.

Camiño con disfarce de estroverso,
coma calquera comercial axente,
a visitar galenos e farmacias.

E namentres en min xermola un verso
vou, por fóra, a nadare coa corrente,
je ata a rir chego do siareiro as gracias!



ATOTONILCO

Atotonilco, febreiro,
terra bermella, laranxas.
As ágaves, nas encostas,
están en terza parada.
Van, nun ronsel poeirento,
por mor de salv-a i-alma,
pra San Xoan os pelengríns,
e, pola noite, na praza,
hai, nos loureiros das Indias,
concello de chachalacas.



XACARANDA

A esta terra da infinda primadeira
a nova primadeira vai chegar,
e a xacaranda teima en estoupar,
foguete malva, na mañán marceira.

Das súas ponlas pendura, churrusqueira,
axóuxeres azúes, a vibrar
nun ourente tanguido que enche o ár
e espalla o seu engado feiticeira.

Orvallada de frores no chan deita,
a choiva malva-azul o parque enfeita...
E, verde muiñeira, polo vran,
peneira o ardente sol, coas súas folliñas
da bris arrandeadas, e as herbiñas
recadan, a bulir, a lus no chan.

TABACHIN

Froresce o tabachín...
Súa bermella fogueira
alumea o xardín
—ledo roibén do abrente—.
¡Quéimase a primadeira
no tabachín ardente!



PARICUTIN

Uruapan. Tras dos outeiros
xurdéu o Paricutín
pra que os “gringos” barulleiros
poidan vir matal-o esplín.
En “tecnicór” un “romance”
pé do “mexicán volcáno”,
que, pr’ao turismo “dar chance”,
aínda bota fume este ano.

MORELIA

En troques das camelias
as orquídeas abrochan
das árbores frondentes
nas enrugadas tonas.
O gris da canteiría
eiquí viróuse rosa.
Larpeiradas de freira
nos portaes de louxa.
Na volta dunha rúa
veise a casa da Troia...
Baixo un manto soalleiro,
Morelia silenciosa,
é loira Compostela
esquencida das choivas.

MANZANILLO

Sin pegureiros, nin neves,
nin a meiga caravana,
un tropical nacimiento
con outeiros de esmeralda
e casupas pequerrechas
a gateñar polas abas.
Afrodisíacos recendos
do berce da vida (as vagas).
A iauga fura o pelícano,
mineiro de viva prata.
O solpor deita no mar
o seu celme de laranxa.

Diante da fría cervexa
(loira dona enfeitizada,
no seu cabozo de vidro
para sempre engaiolada,
porque morre en bico enxoiro
si é do feitizo ceibada)...
¿Que arela eu teño do Sputnik,
do Xúpiter, nin de nada?
¡Imola andando, nonsí?,
que a vida cedo romata!

Xa o faro o seu ollo chisca
a pantasmaña da Laika.

VOLTA

Nunha ridente alborada
vai o tren, cara o meu lar,
tanxendo unha pandeirada
coa lediza de voltar.



XARABE TAPATIO

A Don Ramón Cabanillas,
mestre e petrucio da lírica
galega de arastora, con
fonda venerazón e agarimo.

Xalisco, Guadalajara: —Nenas de fermosa cara.
A “Pérola do Oucidente”: —Nenas de ollar verdecente,
(milleiros de Melibeas— con feitizos de sereas).

Terra de enxoitas valgadas— de irtos ágaves inzadas,
(xurden, feros, dos terreos— para acoitelar aos ceos):
Agaves de seiva ardente —pai do “tequila”. Augardente
de moi esgrevia liñaxe, —que ao sangue lle dá carraxe.
Compre, pra o bebericare, —limón e sal lle botare,
e, gorenta que gorenta, —canta quen co’ele se quenta.

O “xarabe tapatío”, —ledo coma un rechouchío,
é unha danza rebuldeira, —parenta da muiñeira.
E, un bailéo, beilado, —e, cós pés repinicado.
As pernas das rapaciñas —fan rendas de camariñas;
logo, xionllo no taboado, —o compañeiro, arrufado,
ralba, co pé, a linda testa —pra lle pór o ramo á festa,
e, do van avencellados, —afástanse, namorados.

Tapatíos, tapatías, —reloucan ás retesías. . .
O sangue férvelle á xente, —coitado de quen a emente!
Súpeto, estoupa a pistola, —pois seica se “armóu a bola”.
Desfeita pola liorta —esvaise, a festa, na porta;
só fica un home tendido, novo herói para un “corrido”,
e istas son bariles léndas, —de: “¡Ai, Xalisco, non te fendas!”

Nova Galicia (Guadalajara, México) 1959

FLORENCIO MANOEL DELGADO GURRIARAN